

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regulan as entidades identificadoras recoñecidas para a prestación de servizos de identificación do gando bovino, ovino e cabrún e o seu rexistro oficial.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Ilustre Colexio Oficial de Licenciados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia, co obxecto de sentar as bases para a posta en marcha do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable", e a realización de actividades de fomento da práctica de actividades físicas e deportivas saudables entre a poboación galega, cun investimento de cento oitenta e catro mil euros (184.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade pública Red.es para o desenvolvemento de actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia destinadas á posta en marcha de servizos dixitais no ámbito da Administración de xustiza, cun importe de un millón de euros (1.000.000 €)
- Acordo polo que se aproban os protocolos de adhesión á Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica da Xunta de Galicia (rede CeMIT) e se autoriza a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e o secretario xeral de Medios para a súa formalización (1.938.350 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto de Vivenda e Solo e o Concello de Cambados, para a mellora da urbanización do contorno de varios grupos de vivendas de promoción pública por importe de cento sesenta e catro mil setecentos setenta e seis euros e noventa e seis céntimos (164.776,96 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Federación Galega de Xoves Empresarios (FEGAXE) para o fomento da competitividade dos mozos emprendedores galegos, por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e o Consorcio Audiovisual de Galicia, para o desenvolvemento das accións comprendidas no plan de internacionalización do Consorcio Audiovisual de Galicia durante o ano 2010, por importe de ata un máximo de cento oitenta e cinco mil novecentos quince euros con oitenta céntimos (185.915,80 €).
- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dun aval a ISLA VIONTA, S.L., expediente n.º AV/0406, por importe máximo de novecentos oitenta mil euros (980.000,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 1291,67 m², feita a título gratuito polo Concello de Cambre (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde no Temple.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de un millón setecentos cincuenta e sete mil douscentos oitenta euros con setenta e dous céntimos (1.757.280,72 €), 18% IVE incluído, correspondente ás obras de modificación n.º 1 do proxecto de "Nova dársena en cabo de Cruz-Boiro" (A Coruña).

INFORMES**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a execución do Plan de Formación Continua do Persoal da Administración de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.
- Informe sobre o dispositivo da coordinación para a visita do Papa Benedicto XVI.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do acordo da declaración de emerxencia das obras de emerxencia nas torres e cubertas do contorno do Pórtico da Gloria para eliminar as humidades que están poñendo en perigo a integridade da arquitectura e do grupo escultórico policromado, por un importe de douscentos oitenta e catro mil douscentos cincuenta e catro euros con vinte e nove céntimos (284.254,29 €).

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS ENTIDADES IDENTIFICADORAS DE GANDO

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto da Consellería do Medio Rural polo que se regulan as entidades identificadoras de gando bovino, ovino e cabrún e o seu rexistro oficial.

A posta en marcha da Oficina Agraria Virtual, en combinación co servizo de atención telefónica á cidadanía que ofrece a Xunta de Galicia, serve de vehículo na optimización do sistema de identificación de gando. Mediante este sistema o gandeiro ten a opción de identificar el mesmo o gando ou pode, se así o desexa, encargar este traballo a unha entidade identificadora, que serán reguladas mediante este decreto.

O decreto ten por obxecto establecer as condicións que teñen que cumprir as entidades identificadoras para prestar os servizos de identificación do gando bovino, ovino e cabrún, definir as súas funcións e crear o seu rexistro oficial.

Entidade identificadora

Poderán rexistrarse como entidades as cooperativas, as agrupacións de defensa sanitaria, as entidades de aconsellamento, as empresas de servizos veterinarios ás explotacións, etc. que cumpran os requisitos recollidos no decreto. Entre os requisitos figura ter personalidade xurídica propia, dispor de medio técnicos suficientes para a realización das funcións de identificación e contar con persoal coa formación e experiencia suficientes, entre outros.

A evolución da gandería galega nos últimos anos, caracterizada por unha forte redución no número de explotacións e por un incremento dos censos medios por explotación, xunto co desenvolvemento das novas tecnoloxías da información, permiten a formulación de novos sistemas organizativos da identificación bovina, ovina e cabrúa, capaces de manter as ratios de eficacia actuais cuns niveis de eficiencia máis adecuados. Neste sentido, a posta en función da Oficina Agraria Virtual representa un importante activo na interacción entre a Administración e as persoas administradas. Este instrumento, en combinación co servizo de atención telefónica á cidadanía que ofrece a Xunta de Galicia, serve de vehículo na optimización do sistema de identificación bovina, ovina e cabrúa. As entidades identificadoras poden prestar o servizo aos gandeiros que prefiran delegar a realización das tarefas de identificación nun terceiro. A conxunción ordenada das tres canles permite ofrecer un dispositivo de identificación animal eficaz e eficiente, que cobre a totalidade do territorio de Galicia, baixo o control dos servizos veterinarios oficiais.

Estas entidades, polo tanto, completan perfectamente un sistema gratuíto, áxil e eficaz que garante os valores da sanidade animal e da seguridade alimentaria, o que supón un aforro para administración de 5 millóns de euros na lexislatura.

A XUNTA ASINA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN GALICIA SAUDABLE

- *A colaboración estenderase ata o ano 2013 e contará cun orzamento de 184.000 euros*
- *Establecer os perfís de formación axeitados para determinadas profesións; velar pola protección dos intereses dos consumidores e usuarios e polos servizos dos profesionais da actividade física e do deporte; ou promover e colaborar no fomento da práctica regular da actividade física e deportiva saudable están entre os principais obxectivos do convenio*
- *A Secretaría Xeral para o Deporte achegará toda a súa experiencia na promoción e impulso do deporte e da práctica regular de actividade física, mentres que o COLEF Galicia se obriga a achegar recursos humanos, materiais e coñecementos*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Ilustre Colexio Oficial de Licenciados en Ciencias da Actividade e do Deporte (COLEF), polo que ambas entidades se comprometen a sentar as bases para a posta en marcha do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable".

Deste xeito, ambas entidades traballarán conxuntamente, desde o presente exercicio e ata o ano 2013, no desenvolvemento do mencionado plan, que comprende, fundamentalmente, dúas liñas de actuación. Dun lado, o programa de fomento da actividade física no ámbito escolar, *Escolas Saudables*. E doutro, o programa de fomento para o ámbito local, comprendido no proxecto piloto de unidades de promoción de exercicio.

En concreto, o convenio, que conta cunha achega de 184.000 euros, persegue, entre outros, os seguintes obxectivos:

1. Establecer os perfís de formación axeitados para determinadas profesións propias do sector da actividade física e do deporte.
2. Velar pola protección dos intereses dos consumidores e usuarios e polos servizos dos profesionais da actividade física e do deporte.
3. Articular os trámites necesarios para a obtención de beneficios académicos, curriculares e laborais correspondentes á realización da formación que se promova.
4. Promover e colaborar no fomento da práctica regular da actividade física e deportiva saudable entre os galegos, dirixida por profesionais titulados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

5. Colaborar na formación práctica dos estudantes do ámbito da actividade física e do deporte, tanto universitarios como de formación profesional, para o seu exercicio profesional, mediante a participación nos proxectos levados a cabo ao abeiro do presente convenio.
6. Participar en órganos consultivos, comisións, tribunais e calquera outra fórmula similar que se articule para o asesoramento e/ou seguimento de actuacións relacionadas coa actividade física e o deporte.

Para acadar estes fins, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, achegará toda a súa experiencia na promoción e impulso do deporte e da práctica regular de actividade física. Pola súa banda, o COLEF Galicia obrígase á implantación e desenvolvemento do Plan Galicia Saudable, achegando recursos humanos, medios materiais e coñecementos.

A XUNTA E RED.ES ASINARÁN UN CONVENIO PARA INVESTIR 1 MILLÓN DE EUROS NA IMPLANTACIÓN DE NOVAS INFRAESTRUCTURAS TIC NO ÁMBITO XUDICIAL GALEGO

- *O acordo permitirá continuar implementando as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para avanzar na modernización da Xustiza recollidas o primeiro Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda 2014*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a empresa pública Red.es para implantar novos sistemas de información e infraestruturas TIC na Administración de Xustiza en Galicia.

A sinatura do acordo permitirá achegar un máximo de 1 millón de euros ata 2012 para poñer en marcha proxectos dirixidos á mellora da infraestrutura tecnolóxica no ámbito xudicial galego co obxecto de alcanzar os obxectivos recollidos no Plan Senda 2014, que busca dar solución ás actuais dificultades que atopan os profesionais do eido xudicial no uso das novas tecnoloxías e, ao mesmo tempo, dar resposta ás necesidades que establece a Nova Oficina Xudicial. Cun orzamento de 34 millóns de euros en catro anos, o Plan Senda 2014 establece, por primeira vez, un conxunto de medidas para implantar de xeito efectivo as novas tecnoloxías na Xustiza.

Accións

As actuacións recollidas no convenio abranguen a dotación de aplicacións e infraestruturas tecnolóxicas ao servizo da Administración de Xustiza na Comunidade, así como o desenvolvemento de aplicativos e actividades de capacitación no seu uso. Ademais, procederase á dixitalización da información procesual para implantar o expediente electrónico xudicial e a eliminación progresiva da xestión en papel. O acordo prevé tamén a posta en marcha de servizos electrónicos para que todos os interesados (particulares, empresas e institucións) poidan acceder á información.

Como complemento a estas actuacións desenvolveranse accións de difusión e capacitación dirixidas a profesionais e cidadáns para impulsar o uso e mostrar o funcionamento destes novos servizos.

Colaboración

Este acordo enmárcase nas medidas do Plan Avanza 2, que considera o desenvolvemento de servizos públicos dixitais como instrumento esencial para mellorar a calidade das accións das administracións públicas en rede. Así mesmo, continúa a colaboración iniciada xa coa adhesión da Xunta ao acordo para o desenvolvemento do Esquema Xudicial de Interoperabilidade e Seguridade (Ejis) entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza e a Fiscalía Xeral do Estado. Esta cooperación materializouse unha vez máis co convenio asinado o 8 de outubro entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaría Xeral de Modernización e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Innovación Tecnolóxica, o Ministerio de Xustiza e a entidade pública Red.es para o desenvolvemento de servizos públicos dixitais no ámbito xudicial no marco do programa lus + reD, cun investimento de preto de 2 millóns de euros.

A XUNTA PON EN MARCHA EN 53 CONCELLOS GALEGOS AULAS CEMIT DE ACCESO PÚBLICO ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE UN MILLÓN DE EUROS

- *O Consello do Goberno galego aprobou hoxe os convenios que estipulan as condicións de colaboración entre a Administración autonómica e os municipios interesados en adherirse á iniciativa*
- *Estarán integradas na Rede de Centros de Modernización e Inclusión Tecnolóxica que ten como obxectivo facilitar o acceso igualitario dos cidadáns á alfabetización dixital*
- *A nova Rede ponse en marcha coa vocación de estenderse por todo o territorio galego*
- *En virtude dos acordos aprobados hoxe, a Xunta achegará aos concellos unha cantidade equivalente ao 80% do salario do profesional que se ocupará do centro*
- *Tamén se ocupará de dotar de equipamento informático o centro e do seu mantemento técnico*
- *A Administración autonómica porá á disposición dos municipios da Rede unha ampla Carta de servizos e catálogo de actividades*
- *A Fegamp e a Xunta están a colaborar para fomentar a adhesión de máis municipios á Rede*

Un total de 53 concellos das catro provincias galegas contarán con aulas públicas de acceso ás novas tecnoloxías integradas na Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMit) que pon en marcha a Xunta de Galicia. A Rede, que contará cun orzamento de 963.175 euros en 2011, ten como obxectivo promover o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación na poboación, especialmente nos colectivos onde a fenda dixital é máis evidente.

O Consello da Xunta aprobou hoxe os convenios de colaboración que establecen as condicións de adhesión dos concellos interesados en integrarse na Rede CeMIT, un modelo de xestión que busca optimizar os recursos dos concellos e crear una rede sostible no tempo á que se poidan ir incorporando máis concellos e evitar as duplicidades existentes en modelos anteriores. Con este modelo de xestión acádase un aforro do 55% respecto ao destinado en 2010 á anterior rede de aulas públicas de acceso ás TIC.

Obxectivos

A Rede CeMIT configúrase como o instrumento fundamental para promover a alfabetización dixital da sociedade galega. Ademais de fomentar o uso das TIC entre a poboación con especial atención aos colectivos máis afectados pola fenda dixital, tamén fomentará a formación dixital entre os profesionais galegos e mostrará ás pemes e micropemes as vantaxes da sociedade da información. A Rede tamén difundirá os servizos da Administración electrónica e a capacitará os cidadáns para empregalos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Achegas da Xunta e dos concellos**

Segundo se establece nos protocolos de adhesión, os municipios interesados en incorporarse á Rede CeMIT deberán dispoñer dun local que cumpra os requisitos técnicos precisos e ocuparse do seu mantemento.

Ademais, a Xunta porá á disposición do concello e do axente TIC a Carta de servizos e catálogo de actividades da Rede CeMIT, que inclúe cursos de formación, obradoiros, charlas, e facilitará un plan de formación continua para os axentes TIC, aos que tamén facilitará a infraestrutura tecnolóxica necesaria (portal web, correo electrónico, repositorio de contidos...), que lles permita desenvolver o seu labor e posta en común das súas experiencias. Os axentes TIC disporán de apoio e asesoramento no seu labor a través dun órgano de coordinación e un equipo de supervisión.

O axente TIC ocuparse da promoción do uso das novas tecnoloxías entre a poboación, especialmente entre os colectivos con máis dificultades de acceso ás TIC, programando actividades e estratexias adaptadas.

Colaboración coa Fegamp

A Rede CeMit ponse en marcha coa vocación de achegar os contidos e os servizos tecnolóxicos en igualdade de oportunidades a todos os galegos. Con este obxectivo a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron o pasado mes de abril un acordo para difundir, promocionar e potenciar a Rede, co obxectivo de que os concellos se sumen á iniciativa para que o novo modelo acade o maior ámbito xeográfico, institucional e social posible.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O IGVS FINANCIARÁ CON 164.776 EUROS A HUMANIZACIÓN DO CONTORNO DAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA DE SAN FRANCISCO, CAMBADOS**

- *O IGVS xa investiu máis de 800.000 euros en obras de humanización de espazos públicos de 48 vivendas deste grupo*
- *Actualmente está en execución o soterramento dos cables de baixa tensión e telefonía que estaban nas fachadas, cun investimento de máis de 32.000 euros*

O Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) investirá 164.776,96 euros na humanización do grupo de vivendas de promoción pública de San Francisco, Cambados, segundo estipula o convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta.

O obxectivo do convenio que asinarán o IGVS e o Concello de Cambados é a realización de obras de humanización do contorno das vivendas de promoción pública de San Francisco, segundo o proxecto elaborado polo arquitecto Francisco Galiñanes Chaves. As obras van consistir, sobre todo, en:

- Colocación dun pavimento a base de lastra de formigón nas zonas de circulación de vehículos e de aparcadoiro.
- Execución de beirarrúas mediante pavimento de pedra granítica.
- Mellora das redes de saneamento de augas residuais e pluviais.
- Nova execución da iluminación público.
- Dotación de mobiliario urbano: bancos, papeleiras, escadas con reixa de fundición, plantación de elementos vexetais e colocación de novas sinalizacións.
- Execución dunha zona de xogos infantís.

O IGVS financiará cun importe máximo de 164.776,96 euros a realización das ditas obras, mentres que o Concello de Cambados se encargará de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, á redacción do proxecto, dirección de obras, coordinación de seguridade e saúde, así como as relativas á obtención dos permisos e autorizacións que sexan necesarios, e recibirá no momento da recepción das obras a urbanización dos referidos grupos, comprometéndose a proceder á súa inscrición rexistral e asumindo a súa conservación e mantemento.

O convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta terá vixencia ata o 30 de decembro de 2011.

Rehabilitación de vivendas

O IGVS xa investiu máis de 800.000 euros na rehabilitación de 48 vivendas de promoción pública do grupo de San Francisco, nas cales se realizaron obras en cubertas, fachadas, carpintaría exterior, instalacións de fontanaría e electricidade, saneamento e outros elementos comúns.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Estas obras iniciáronse a finais de 2009 e remataron na primavera de 2010.

Actualmente estase executando unha obra de soterramento dos cables eléctricos de baixa tensión e de telefonía, que estaban nas fachadas.

ECONOMÍA E INDUSTRIA FINANCIADA CON 220.000 EUROS PROGRAMAS DE FOMENTO DA COMPETITIVIDADE PARA EMPRESAS IMPULSADAS POR EMPREENDEDORES

- *O convenio entre o Igape e os Xoves Empresarios que autorizou o Consello da Xunta permitirá desenvolver accións para procurar que as pemes creadas por novos emprendedores poidan superar a crise e consolidar os seus negocios*
- *Os programas impulsados pola Fegaxe poderán beneficiar en dous anos medio cento de empresas dirixidas por emprendedores*
- *Fegaxe colabora tamén con Xesgalicia na selección dos proxectos que aspiren a acollerse ao fondo de capital risco Xes-Innova*

A Consellería de Economía e Industria financiará, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e cunhas achegas orzamentarias de 220.000 euros durante dous anos, os programas promovidos polos Xoves Empresarios (Fegaxe) para o fomento da competitividade das pemes impulsadas por mozos emprendedores, segundo o previsto no convenio autorizou o Consello da Xunta. Os programas apoiados neste marcha poderán beneficiar medio cento de novos empresarios.

O convenio que asinará o Igape e a Fegaxe regulará a colaboración para o desenvolvemento do programa Galicia Xove Responde 2010-2011, chamado a facilitar o diagnóstico e os plans de acción para a mellora da competitividade das pemes dirixidas por mozos empresarios ante a crise. Ademais de información, o programa inclúe consultoría individual para as empresas apoiadas que, unha vez rematadas estas avaliacións, disporán de recomendacións para a posta en marcha de accións prioritarias para a súa consolidación no mercado.

Do mesmo xeito, o convenio regula a colaboración do Igape e a Fegaxe para o desenvolvemento do programa Xestión avanzada empresarial 2010-2011, orientado cara á mellora nas habilidades de dirección e xestión dos mozos empresarios. As accións específicas de formación permitiránlles aos novos empresarios mellorar as súas habilidades de dirección e o desenvolvemento do seu papel como directores de equipos. Ademais o programa prevé abordar a revisión do negocio, a xestión do crecemento e a mellora continuada nas áreas críticas da empresa, con especial vixilancia dos aspectos comerciais e financeiros.

Esta iniciativa forma parte do amplo abano de apoios que o Igape pon ao dispor dos novos emprendedores galegos para a posta en marcha e consolidación das súas empresas, por exemplo os programas re-Emprende e re-Imaxina. O convenio reforza ademais a vía de colaboración aberta coa Fegaxe mediante a sinatura doutro acordo con Xesgalicia, a sociedade que xestiona os fondos de capital risco da Xunta, para que a Federación colabore na selección dos proxectos de investimento candidatos a acollerse ao novo fondo de capital risco Xes-Innova, destinado a apoiar proxectos emprendedores especialmente innovadores.

ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA 185.915 EUROS A FINANCIAR O PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN DO CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA

- *Deste xeito, o Goberno galego apoiará a promoción das producións audiovisuais galegas en mercados exteriores*

A Consellería de Economía e Industria destinará, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) 185.915,80 euros a apoiar o financiamento do Plan de Internacionalización impulsado polo Consorcio Audiovisual de Galicia para potenciar e incrementar a capacidade de internacionalización das empresas do sector audiovisual galego no seu conxunto.

En virtude do acordo aprobado polo Consello da Xunta, o Igape apoiará o financiamento do Plan de Internacionalización do Consorcio Audiovisual de Galicia achegando o 50% do seu orzamento, cifrado en 371.831,60 euros. Esta actuación encaixa na estratexia de internacionalización impulsada pola Consellería de Economía e Industria, que inclúe servizos e axudas públicas, pero que tamén se apoia na colaboración con outras entidades, coas organizacións empresariais e cos *clusters* máis dinámicos e con ambición de proxectarse ao exterior.

O Consorcio Audiovisual de Galicia é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con patrimonio e personalidade xurídica propios, que actúa sen ánimo de lucro e que ten como fin primordial o de contribuír ao desenvolvemento e á consolidación do sector audiovisual en Galicia.

Entre outras accións, o Consorcio Audiovisual coordina a presenza do sector nos mercados audiovisuais nacionais e internacionais relevantes co obxectivo de achegar as empresas galegas e posibilitar a presentación das súas producións aos profesionais internacionais (distribuidores, axentes de venda, compradores, canles de televisión, novas plataformas...), así como establecer contactos comerciais e coñecer de primeira man as tendencias actuais, contribuíndo á adecuación das súas producións e dos correspondentes procesos para levar a cabo as ditas tendencias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**ECONOMÍA E INDUSTRIA APOIA UNHA OPERACIÓN DE FINANCIAMENTO POR IMPORTE DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS MEDIANTE UN AVAL DE 980.000 EUROS PARA UNHA EMPRESA DO SECTOR DO MAR**

- *Deste xeito, o Goberno galego facilitará a Isla Vionta S.L, con sede en Ribeira, o acceso ao financiamento que precisa para circulante e para refinar a longo prazo os pasivos a curto prazo*
- *Mediante a liña de avais e os programas re-Brote e re-Solve+, a Xunta comparte riscos de empresarios con proxectos viables para que acceda ao crédito*

A Consellería de Economía e Industria apoiará, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) unha operación de financiamento por importe de 1,4 millóns euros mediante a concesión dun aval por importe de 980.000 euros, segundo o acordo que aprobou o Consello da Xunta, para facilitar o acceso ao crédito á empresa Isla Vionta, S.L. que ten once traballadores empregados.

Esta operación está destinada a facilitar liquidez á empresa beneficiaria, Isla Vionta, S.L. para que poida acceder ao crédito bancario que precisa para proceder ao desenvolvemento do seu plan de viabilidade, que prevé accións como refinar a longo prazo os seus pasivos a curto prazo, así como para dispoñer de circulante.

Con sede en Ribeira, Isla Vionta dedícase á manipulación, comercialización e distribución de mexillóns, mariscos e outros produtos do mar, tanto frescos como conxelados. Na actualidade, a súa principal actividade é a compra, depuración e venda de mexilón fresco das rías galegas.

Xunto cos programas re-Brote e re-Solve+, a liña xeral de avais do Igape é un instrumento fundamental para que as empresas galegas poidan obter o financiamento que precisen para cubrir as súas necesidades de circulante ou para refinar a longo prazo os seus pasivos a curto prazo. Deste xeito, o Goberno galego comparte os riscos dos empresarios con proxectos viables aprobando avais para que consigan o financiamento bancario que precisan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DA PARCELA EN QUE SE CONSTRUIRÁ O CENTRO DE SAÚDE DO TEMPLE, CAMBRE**

O Consello da Xunta autorizou hoxe un acordo para a aceptación da cesión dunha parcela feita polo Concello de Cambre ao Servizo Galego de Saúde para a construción do centro de saúde do Temple.

A parcela está situada na parroquia de Santa María do Temple, e ten unha superficie de 1.291,67 m². Limita ao norte cunha vía peonil, ao sur coa rúa Francisco Añón, ao leste coa prolongación da rúa Abaleira e ao oeste cun terreo propiedade do Concello de Cambre.

O programa funcional do futuro centro de saúde do Temple inclúe oito consultas de medicina xeral, oito de enfermaría, unha de matronas, unha da muller -cunha aula de educación para a saúde-, unha de fisioterapia -cunha sala de fisioterapia e catro cabinas de tratamento-, unha de toma de mostras, unha sala de técnicas e unha sala polivalente. Ademais, terá unha área de pediatría, con dúas consultas de pediatría e unha de enfermaría pediátrica e unha área de administración, arquivo, almacéns e outros servizos comúns.

Este centro de saúde inclúese no paquete de licitación conxunta que executará o Servizo Galego de Saúde e que permitirá que máis de medio millón de galegos teñan proximamente un novo centro de atención primaria á súa disposición. A Xunta investirá preto de 60 millóns de euros nestas infraestruturas.

A licitación destes centros de saúde enmárcase no Plan de Modernización de Infraestruturas Sanitarias, que garante o carácter público de todos os investimentos e a prestación sanitaria universal e gratuíta para todos os galegos; mellora a sustentabilidade económica sanitaria, social, territorial e ambiental da rede de centros sanitarios do Sergas; reduce os custos enerxéticos e de mantemento; incrementa a eficiencia dos servizos non sanitarios asociados; impulsa a xeración de emprego, tanto a curto prazo, para a construción das infraestruturas, como a longo prazo, para levar a cabo as tarefas de mantemento; e reforzará a rede de Atención Primaria ao longo da actual lexislatura coa construción de novos centros de saúde.

A CONSELLERÍA DO MAR MELLORA AS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DA NOVA DÁRSENA DE CABO DE CRUZ CUNHA AMPLIACIÓN DE CASE DOUS MILLÓNS DE EUROS

- *Portos de Galicia veuse obrigado a modificar o proxecto inicial para acadar unha maior seguridade e operatividade do porto*

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, mellorará o proxecto da nova dársena de Cabo de Cruz, no concello de Boiro, a través dunha modificación do proxecto inicial, que suporá a optimización da configuración do porto para un mellor aproveitamento da lámina de auga abrigada, o que mellorará a seguridade e a operatividade do porto.

Trátase dunha obra que puxo en marcha o goberno bipartito no 2007 e que a Consellería do Mar se ve na obriga de modificar, para asegurar a súa operatividade e culminar a execución. O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto cun investimento de 1.757.280 euros na modificación desta obra, que, sumándoa ao orzamento inicial, supón un investimento de 11.353.898 euros. Está previsto que a nova dársena estea finalizada antes de que remate o ano.

Durante o desenvolvemento das obras, o ente público estimou necesaria a realización dunha serie de modificacións no dito proxecto que consisten principalmente na modificación das aliñacións dos diques, a introdución de medios marítimos e a modificación das seccións.

A nova dársena contará cun dique formado por dous tramos (de 180,70 e de 253,11 metros de lonxitude) e cun contradique de tres tramos (de 300,45, 162,96 e 60 metros de lonxitude, respectivamente). O proxecto inclúe tamén a colocación dunha barreira vertical aboiante de defensa contra as ondas, constituída por 5 módulos de pantallas de 7 metros de largura.

A ampliación da partida orzamentaria xa fora anunciada desde a Consellería do Mar o ano pasado, e pon de manifesto o compromiso do Goberno galego con esta obra, que considera emblemática e necesaria. Con esta nova dársena o ente público busca ofrecer un mellor servizo portuario para o sector pesqueiro, mexilloeiro e náutico recreativo, mellorando as súas condicións de traballo e os beneficios resultantes da súa actividade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A EGAP INCREMENTOU NUN 87% A ACTIVIDADE FORMATIVA PARA O PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA DE GALICIA DURANTE O 2010**

- *Rueda presentou un informe no Consello da Xunta no cal tamén se destaca un incremento do 33% no número de prazas e do 24% no de horas lectivas*
- *Dentro do plan resalta a proposta formativa sobre a implantación da Nova Oficina Xudicial, que contou cunha convocatoria específica de 2352 prazas*

A Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP) incrementou un 87 por cento o número de actividades formativas do persoal da Administración de xustiza de Galicia no ano 2010 respecto ao pasado exercicio. Así o anunciou esta mañá o titular de Presidencia, Alfonso Rueda, a través dun informe que levou ao Consello da Xunta e no que tamén se destaca un incremento do 33% no número de prazas e do 24% no de horas lectivas.

Así, o programa formativo de Xustiza de 2010 ofrece 60 edicións de actividades, con máis de 1.000 horas de formación e preto de 3.300 prazas, que se distribúen aproximadamente ao 30% na modalidade de presencial e 70% na de teleformación. Neste sentido, a EGAP continua apostando por esta modalidade, que permite impartir máis e mellor formación a cada un dos alumnos e reduce o custo da súa realización.

Dentro do plan de formación dos empregados públicos da Administración de xustiza de Galicia destaca a proposta formativa sobre reformas procesuais e, consecuentemente, a implantación da Nova Oficina Xudicial, o que está relacionado coa adaptación permanente ao posto de traballo que se desempeña e que inclúe contidos basicamente sectoriais que afectan competencias específicas.

Esta formación céntrase na modernización da Administración de xustiza para a implantación da Nova Oficina Xudicial orientada á axilización da Xustiza, así como á optimización dos recursos, entre os que teñen un papel fundamental os recursos humanos, esenciais na mellora deste servizo fundamental que é a Xustiza. Con esta finalidade procedeuse a unha convocatoria específica de 2352 prazas.

O Plan de Formación Continua do Persoal da Administración de Xustiza de Galicia para o 2010 é un dos catro plans que compoñen o Plan Formativo xeral da EGAP, un sistema formativo coordinado que tamén abrangue os plans destinados ao persoal da Administracións autonómica; de Administración local; e o de Formación Directiva, Superior, de Especialización e Singular.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO SUPERVISOU HOXE O DISPOSITIVO QUE A XUNTA PUXO EN MARCHA PARA RECIBIR O PAPA BENEDICTO XVI**

- *O conselleiro de Presidencia presentou un informe no cal se dá conta dos traballos preparatorios da organización do acontecemento*

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, presentou hoxe no Consello da Xunta un informe que dá conta do dispositivo que o Goberno galego puxo en marcha de cara á inminente visita do Papa Benedicto XVI, elaborado en coordinación co Arcebispado, coa Delegación do Goberno e co Concello de Santiago de Compostela.

O informe resume todos os pasos seguidos pola Xunta para garantir que a visita do Santo Pai á capital galega, que terá lugar dentro de dous días, sexa un éxito. Así, no texto recóllese polo miúdo o desenvolvemento do complexo operativo que xa está case completamente despregado para facer fronte a un acontecemento histórico, como broche ao Xacobeo 2010.

A dous días do evento, está xa listo todo o dispositivo, que inclúe medidas en moi numerosos ámbitos que foron impulsadas no seo da comisión interdepartamental creada para tal efecto no seo da Xunta, na cal estiveron representadas a maioría das consellerías e que mantivo unha relación de cooperación e coordinación constante co Arcebispado, o Concello e a Delegación do Goberno.

A parte máis importante do dispositivo é a relativa á Compañía de Radio Televisión de Galicia, que ofrecerá o sinal realizado da visita a todas as televisións do mundo e que permitirá que Santiago de Compostela, Galicia e o Xacobeo cheguen a todos os recunchos do planeta, xa que se estima que a audiencia pode roldar os 150 millóns de persoas.

Para este operativo histórico, o máis ambicioso nos 25 anos da CRTVG, deseñouse un despregamento técnico moi complexo, con máis de 500 profesionais, 14 horas de emisión, 11 puntos de directo, 19 unidades móbiles e 55 cámaras. Ademais, instaláronse dez pantallas de vídeo en distintos puntos da cidade para que todas as persoas que se acheguen –cálculase que máis de 200.000- poidan ser partícipes da visita do Santo Pai.

Expectación mediática

A Xunta tamén puxo en marcha un moderno Centro de Prensa Internacional, situado no Palacio de Congresos e Exposicións, no cal xa se acreditaron ao redor de 1.200 xornalistas, procedentes de distintos países. No centro, que estará aberto entre os días 5 e 8 de novembro, poderán acceder a internet, aos discursos do Papa en diferentes idiomas e recibir as imaxes da visita que ofrece a TVG, entre outras cousas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Outro dos ámbitos en que o Goberno galego fixo especial incidencia é no Plan de Protección Civil e Asistencia Sanitaria. Así, a Xunta coordinará medio milleiro de voluntarios de Protección Civil e do Xacobeo, que xa están a montar as súas bases operativas. Tamén haberá un hospital de campaña e reforzouse o 061 e o 112. No dispositivo participarán ademais seis médicos, dez enfermeiros e 21 técnicos de transporte sanitario.

Finalmente, tamén se puxo en marcha un programa cultural paralelo á visita, que inclúe un concerto de Hombres G o propio sábado pola noite, que será gratuíto e servirá para homenaxear os voluntarios que participaron no dispositivo. Así mesmo, tamén haberá un recital de gospel e outro de cantautores, así como dúas exposicións relacionadas cos pontífices: "Sucesores de Pedro" e "Roma Settecento".

CULTURA E TURISMO DESTINA PRETO DE 285.000 EUROS PARA OBRAS DE EMERXENCIA NAS TORRES E CUBERTAS NO CONTORNO DO PÓRTICO DA GLORIA

- *A Consellería de Cultura e Turismo informou o Consello da Xunta das obras que se acometerán na Catedral de Santiago para eliminar as humidades que poñen en perigo a integridade da arquitectura e do grupo escultórico policromado*
- *As actuacións súmanse aos traballos que a Consellería de Cultura e Turismo executará na fachada da Acibecharía e na Torre do Reloxo. En total a Xunta de Galicia destinará no bienio de 2010-2011 máis de un millón de euros a obras de conservación e restauración da Catedral de Santiago*

A Consellería de Cultura e Turismo informou hoxe ao Consello da Xunta do acordo de declaración de emerxencia das obras nas torres e cubertas do contorno do Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago para eliminar as humidades que poñen en perigo a integridade da arquitectura e do grupo escultórico policromado. Deste xeito, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, investirá uns 285.000 euros para a realización destas actuacións neste ben senlleiro integrante do patrimonio mundial.

O Programa Catedral de Santiago desenvólvese na actualidade ao abeiro do convenio asinado en abril de 2010 pola Xunta de Galicia, o Ministerio de Cultura, o Arcebispado de Santiago de Compostela, o Cabido da Catedral de Santiago e a Fundación Pedro Barrié de la Maza. En virtude deste convenio emitíuse a Resolución do 10 de marzo de 2010 que orienta os traballos e estudos para a elaboración do Plan de Conservación Preventiva do Pórtico da Gloria e Proposta de Intervención nel.

Segundo o informe presentado pola codirección técnica da restauración do Pórtico da Gloria, tras comezar a primeira fase do Programa Catedral, comprobouse que hai unha situación de risco que debe corrixiarse de forma inmediata para evitar que supoña un dano irreversible sobre a policromía do Pórtico da Gloria e a integridade física do conxunto escultórico. Os estudos certifican que esta actuación é imprescindible e prioritaria realizala antes da chegada do previsible novo período de choivas e aumento da humidade.

Criterios de intervención e investimento

Este proxecto de emerxencia ten como ámbito de actuación as cubertas do contorno do Pórtico da Gloria, contorno composto polas dúas torres románicas e barrocas, as cubertas pétreas que as unen coas fachadas e a cuberta da tribuna, os primeiros tramos da cuberta pétreo da nave maior cos canlóns e os encontros entre sistemas construtivos que delimitan este perímetro.

A solución proposta pon especial coidado na recuperación da lectura histórica das fábricas barroca e románica, e en especial de elementos significativos desta última e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

imprescindibles na concepción arquitectónica do espazo do Pórtico, como os rosetóns que iluminan o espazo da tribuna. Ao tratarse dunha actuación de conservación, a preservación do valor histórico prevalecerá sobre os aspectos arquitectónicos e artísticos. A intervención deseñada é reversible e persegue o mantemento doado das impermeabilizacións e das canles de evacuación da auga pluvial.

Estas actuacións súmanse aos traballos que a Consellería de Cultura e Turismo acometerá na fachada da Acibecharía e na Torre do Reloxo por un importe de 670.906 euros. Do mesmo xeito, a Xunta de Galicia sufragou con motivo da visita do Papa e cunha dotación de 60.000 euros a restauración das bóvedas da nave central e o transepto da Catedral, actuacións xa rematadas. En total, a Consellería de Cultura e Turismo destinará no bienio 2010-2011 máis de 1 millón de euros (1.015.160 euros) a obras de conservación e restauración da Catedral de Santiago.

Actuacións desenvolvidas

No marco do convenio e da resolución do 10 de marzo, as tres entidades promotoras do Programa Catedral (Arcebispado, Cabido e Fundación Barrié) acometeron, entre outros traballos que xa se estaban a realizar, actuacións de limpeza parcial de depósitos de po incoherente no grupo escultórico do Pórtico e o estudo non invasivo sen toma de mostras das policromías. No dito grupo escultórico executáronse asemade as caracterizacións do material pétreo, morteiros, sales, microorganismos e colonias biolóxicas con toma de mostras.

Do mesmo xeito, procedeuse á toma de mostras para a continuación dos estudos das policromías do grupo escultórico e as caracterizacións de sales, morteiros e material pétreo na tribuna e caracterización de colonias biolóxicas nela.